

Expediente de contratación 1/2017: Subministro dun sistema de almacenamento en rede, cofinanciado no 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para axudas a infraestruturas e equipamento científico – técnico do Subprograma Estatal de Infraestruturas Científico e Técnicas.

Aclaracións técnicas ao prego en resposta ás consultas técnicas recibidas:

Consultas en relación co prego de prescricións técnicas:

- 1.- Requisitos Globais: penúltimo parágrafo, indícase: *"Non serán tidas en conta aquelas características ou funcionalidades cuxa licencia de utilización durante a vida do equipo estimada en 7 anos non estea incluída na oferta"*

Entendemos que o que se pide é que se poida seguir usando o SW, incluso aínda que xa non estea en mantemento. É dicir despois dos 5 anos esixidos. ¿É correcto?

RESPOSTA:

Si, é correcto.

- 2.- Requisitos RAS: segundo parágrafo: *"No caso de aquelas pezas cuxa substitución do servizo poida carrexar un período de tempo durante o cal poida fallar outra peza similar, deberá presentar os mecanismos que impidan a perda do servizo ou de información por este motivo (sistemas de replicación, etc.)"*

Entendemos que sería suficiente con ter compoñentes redundados e que a substitución dos mesmos non carrexe perda de servizo. ¿É correcto?

RESPOSTA:

Que o sistema teña compoñentes redundados e que a substitución dos mesmos non supoña perda de servizo é necesario pero non suficiente para cumprir o requisito.

O requisito refírese a que a solución ofertada deberá dispor de mecanismos que impidan a perda do servizo ou de datos, naqueles casos en que tras unha primeira avaria nunha peza, o sistema quede exposto á perda de servizo ou de datos se ocorre un segundo fallo nunha peza similar, antes de ser repostada a primeira e ser levado o sistema á súa situación normal. Isto sucedería por exemplo en caso de sistemas con unicamente RAID 5.

Por pezas enténdense os compoñentes que forman parte de cada servidor ou cabina, de maneira que teñan a tolerancia a fallos suficiente para que poidan fallar dous de eles nun mesmo servidor ou cabina e o servizo global continúe funcionando sen interrupción (por exemplo porque outro servidor toma o control).

En casos de solucións baseadas en varios servidores é suficiente con ter cada servidor

redundado, pero non é necesario dispor dun terceiro.

3) Non deixa claro si hai que poñer rack ou non pero entendemos que si. ¿Podes confirmalo?

RESPOSTA:

Tal e como se indica no prego técnico, páx. 7:

“Requisitos de Instalación

- O sistema debe incluír o armario ou armarios independentes destinados a aloxar os equipos na sala de CPD do edificio do CESGA.”

Por tanto é un requisito suministrar os racks necesarios.

4) ¿A que distancia dos Juniper se situará o rack?

¿Podemos garantir menos de 10m de porto a porto?

RESPOSTA:

A localización do equipo no CPD dependerá do tipo de solución proposta, e do número e dimensións dos racks incluídos. A localización definitiva determinarase conxuntamente cos técnicos do CESGA aínda que se pode considerar que se poidan usar sinais para 1 rack estándar de 60 cm de ancho no CPD do CESGA nos que é posible cumprir esas distancias de 10 m. Se fose necesario máis dun rack, a distancia do tendido de fibra podería ser superior a 10 m pero inferior a 15 m.

Dado que os racks de CESGA se atopan nunha disposición con corredores pechados por optimización da climatización, nos casos en que se aporten outros tipos de rack, por exemplo de 80 cm de ancho, o adxudicatario deberá tomar as medidas oportunas para adaptalos.

Existe a posibilidade de visitar o CPD do Centro para realizar un análise máis detallado.

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2017.



Javier García Tobío
Director Xerente